

Programa Universitario de Maiores – Campus VIGO

Guía Docente: Curso 2024-2025

Información xeral:

Nome materia	Cultura Galega		
Código /Tipo	IV31421 / Materia Optativa		
Titulación	Universitario/a Senior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	1,5	Total horas presenciais	15
Língua impartición	Galego		
Lugar impartición*	Aula 215, : edificio anexo (Escola de Enxeñeiros Industriais), andar segundo		
Curso / Semestre	Terceiro Curso/ 2º cuadrimestre	Horario*	Mércores 16:30-17:30 h
Coordinador/a	José Luis Mateo Alvarez		
Profesorado	José Luis Mateo Alvarez		
Correo-e	jmateoalvarez@gmail.com		
Observacións	Nº prazas: 50		

*Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.

Obxectivos xerais:

- Preténdese que os alumnos poidan continuar avanzando no coñecemento da cultura galega a través dunha materia que non se ofertaba nas antigas modalidades regradas de estudos.
- Preténdese que os alumnos aborden o estudo da cultura galega nun sentido antropolóxico en tanto que membros da sociedade galega.
- Preténdese un achegamento ó espazo xeográfico, ás crenzas, lendas, mitos, ritos e aqueles aspectos da arte e da historia que máis influiron e caracterizan a cultura galega.
- Preténdese que os alumnos comprendan a relación entre a economía, a sociedade, a política e os aspectos ideolóxicos, relixiosos e culturais ó longo do tempo na historia de Galicia e que relacionen as formas de vida, as prácticas e crenzas da sociedade agraria tradicional coas que aínda hoxe perviven e que poidan coñecer a súa orixe.
- Discriminar tópicos e prexuízos que afectan á cultura e ao pobo galego no pasado e no presente e que saiba a orixe destes tópicos contrastando o prexuízo co coñecemento histórico.
- Comprender e manexar o vocabulario e os conceptos relacionados coas lenda, mitos e lugares máis salientables na cultura galega.
- Preténdese que os alumnos se interesen por algunhas lendas e tradicións das que querrían saber máis para mellorar o seu coñecemento na materia.

Metodoloxía docente:

Clases de aula: Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudio.

Saídas de estudo: De poder facerse a saída cultural a Monforte e Ribeira Sacra, os alumnos afondarán nos aspectos da cultura galega relacionados co poder das familias nobres, os fidalgos, os pazos, a cultura popular arredor do río e as terras de viticultura heroica na Ribeira Sacra, ademais de coñecer algún dos seus miradoiros e un dos mellores exemplos do románico rural en Galicia. No caso de non poder facerse esa visita, se substituiría pola visión de documentais que tiveran o mesmo interese e un contido semellante.

Traballo tutelado: O alumnado escollerá un tema entre os contidos da materia como ampliación das explicacións recibidas sobre o mesmo. Facilitarase ó comezo do curso e ó longo de todas as sesións a bibliografía coa que o alumno pode afondar máis en cada tema obxecto das sesións de clase.

Contidos:

Tema 1	O territorio e a súa xente: xeografía, Galicia rural e urbana, tópicos e realidades.
Tema 2	As pegadas da historia que máis influiron nas sinais de identidade de Galicia.

Tema 3	A arte máis galega. Patrimonio artístico e arquitectura popular.
Tema 4	Lendas, mitos e relixiosidade popular
Tema 5	Sáida de estudo

Avaliación:

Asistencia e participación	O alumno acadará o aprobado coa asistencia e a participación activa nas clases. Será necesario a asistencia a máis dun 80% das clases para obter o aprobado na materia.	50 %
Traballo individual tutelado	O alumno mellorará a cualificación coa realización dun traballo sobre un aspecto que lle interesou máis da historia de Galicia. O profesor sinalará posibles aspectos nos que os alumnos poden afondar máis na materia e facelos obxecto dos seus traballos e dará pautas a ter en conta sobre cómo facer e entregar ditos traballos para mellorar a súa cualificación na materia.	50 %

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións:

Esta guía é unha programación didáctica con carácter orientativo que pode experimentar cambios en función de eventualidades diversas que poidan xurdir na súa posta en práctica.